TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno local e á Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.”

En función do excaso tempo dispoñible, a secretaria solicita o uso da palabra e procede ao exame das consideracións xurídicas que serven de fundamento ao informe emitido con data 16 de decembro de 2025, ao Decreto e escrito de alegacións remitido con esa mesma data ao concello de Ferrol.

Rematado o debate e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto ponderado	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación a Comisión emite o seguinte **ditame**:

Primeiro.- Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 2025-1623 de 16 de decembro de 2025 en todos e cada un dos seus pronunciamentos, e por tanto o escrito de alegacións presentado con esa mesma data (núm. rexistro de saída 2025-S-RC-1597).

Segundo.- Dar traslado do acordo así adoptado ao concello de Ferrol para o seu coñecemento e constancia.

...”.

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Abre o exame deste punto da orde do día o Alcalde. Indica así que o Concello de Ferrol para cadrar as súas contas pretenden incrementar o custe do subministro nun 25%, e pese a que o convenio estaría vixente ate o 1 de xaneiro de



	2027 con tempo suficiente para negociar un novo, abren un periodo de audiencia sen dar traslado do posible documento que substitúa ao actual. Lembra que o Concello de Mugardos non dispón doutra alternativa de abastecemento. Ante esta situación todos os concellos afectados mostraron a súa disconformidade en función dos informes municipais emitidos de xeito de que se manteña o convenio vixente, en tanto non se aproba un que o substitúa.
Grupo PSdG-PSOE	Toma a palabra o Portavoz. Adianta o seu voto a favor, esperando que o Concello de Ferrol repacite sobre a súa postura e negocie primeiro un novo convenio.
Grupo BNG	Intervén a Portavoz. Resalta que o abastecemento de auga é un servizo básico, debendo estar todos os concellos unidos fronte a iniciativa do concello de Ferrol.

Rematado o debate e sometida ratificación da Resolución a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 2025-1623 de 16 de decembro de 2025 en todos e cada un dos seus pronunciamentos, e por tanto o escrito de alegacións presentado con esa mesma data (núm. rexistro de saída 2025-S-RC-1597).

Segundo.- Dar traslado do acordo así adoptado ao concello de Ferrol para o seu coñecemento e constancia.

10º.- CONTRATACIÓN.- EXPEDIENTE 1816/2024.- POS + ADICIONAL 4/2025.- INVERTEMENTO FINANCIERAMENTE SOSTIBLE: RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PEDREIRA.- Expediente sometido previamente á consideración CIP Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión realizada con data dezoito de decembro de dous mil vinte e cinco, ditaminándose favorablemente a adopción do seguinte acordo:

“Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ ADICIONAL 4/2025, PROPOÑO:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos
---------------------	--



		Concello			Orzamento total
		Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello
RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PEDREIRA	80.000,00 €	3.993,89 €	-	3.993,89 €	83.993,89 €
TOTAL	80.000,00 €	3.993,89 €	-	3.993,89 €	83.993,89 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	Abre o exame deste punto da orde do día o concelleiro delegado e Obras, Servizos, Medio



	Ambiente e TICs dando conta dos antecedentes do expediente.
Grupo PSdG-PSOE	Intervén o Portavoz. Aída que todas as obras son necesarias, critica a falta de planificación e consenso cos restantes grupos municipais, así como a adecuación das actuacións ao importe do proxecto, unindo que por esta clase de motivos na tramitación e posterior execución, existen problemas que provocan que o Concello de Mugar dos sexa o peor ou un dos peores concellos en redemento no POS.
Grupo PP	Toma a palabra novamente o concelleiro delegado e Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. O POS+ Adicional 4/2025 non estaba planificado por estar asociado a remanentes, polo que en función dos tempos non houbo ocasión para consensuar as actuacións. Con todo no momento no que se tratou o POS Adicional 3/2025 este proxecto en función da dispoñibilidade dos terreos e non necesariedade de autorizacións sectoriais foi o segundo mellor valorado en Comisión, existindo queixas dos grupos polo estado do parque, reiterando, implica unha tramitación áxil.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 4/2025”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao financiamientos dos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación:

DENOMINACIÓN	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello



RENOVACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PEDREIRA	80.000,00 €	3.993,89 €	-	3.993,89 €	83.993,89 €
TOTAL	80.000,00 €	3.993,89 €	-	3.993,89 €	83.993,89 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMINIO E A IDENTIDADE: INSTITUCIÓN ESCOLAR FRANZA E O SEIXO.- Escrito de moción do que se deu conta na Xunta de Portavoces realizada con data dezaioito de decembro de dous mil vinte e cinco (XVO/2025/15:

““

5.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS, NO SEU CASO.

5.1º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO BNG PARA A RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO E A IDENTIDADE: INSTITUCIÓN ESCOLAR FRANZA E O SEIXO (2025-E-RPLN-14)

" ...

A antiga escola de Franza - construída entre 1922 e 1925 pola Institución Escolar Franza y Seijo, promovida pola emigración galega en Cuba - constitúe un elemento singular do patrimonio educativo, cultural e arquitectónico de Mugardos. Forma parte do movemento das chamadas “escolas de americanos”, un fenómeno social e histórico de grande



relevancia na Galicia contemporánea, especialmente nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

A escola conserva a súa estrutura orixinal, aínda que se atopa nun estado de deterioro avanzado debido ao abandono prolongado polo seu actual titular. O inmovible presenta valores históricos, etnográficos, arquitectónicos e de identidade colectiva suficientes para ser considerado ben patrimonial municipal, mais non consta incluído no actual Catálogo do PXOM de Mugardos. A ausencia de catalogación deixa o edificio desta relevancia para a nosa vila nunha situación especialmente vulnerable.

A Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, reconece que os concellos teñen competencia para identificar e catalogar bens patrimoniais de carácter local, e obriga as administracións públicas a garantir a súa protección. A inclusión dunha edificación como “ben catalogado” no PXOM garante a súa preservación, impide actuacións que poidan deteriorar o seu valor e facilita a súa recuperación.

Por outra parte, o edificio pertence actualmente á Igrexa Católica. Porén, segundo a Lei 49/2002 e o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL):

- A exención do IBI só é aplicable a templos, dependencias destinadas ao culto ou á actividade pastoral, oficinas parroquiais, seminarios e casas relixiosas.

A antiga escola de Franza non se axusta a ningún destes supostos, polo que non está exenta do Imposto de Bens Inmóbles, e o Concello ten a obriga de reclamar as cotas dos últimos catro exercicios.

Ademais, a Lei do Solo de Galicia 2/2016, nos seus artigos 135 e 136, establece que os propietarios deben manter os inmóbles en condicións de seguridade, salubridade e ornato. Nocaso de incumprimento:

- o Concello pode emitir unha orde de execución,
- impor multas coercitivas trimestrais de 1.000 a 10.000 euros,
- e mesmo proceder á execución subsidiaria, repercutindo os custos ao propietario.

A situación de ruína, perigo e abandono da escola é incompatible co deber legal de conservación, polo que o Concello debe actuar sen demora

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno municipal o debate para adopción dos seguintes acordos:

1. INICIAR O PROCEDIMENTO DE CATALOGACIÓN

Iniciar, de inmediato, o procedemento técnico-administrativo para incorporar a antiga Escola de Franza (Institución Escolar Franza e O Seixo) ao Catálogo de Patrimonio do PXOM de Mugardos, como “Ben Patrimonial a Conservar”, incoando:

- Informe histórico-arquitectónico
- Proposta de delimitación
- Ficha de catálogo
- Tramitación urbanística correspondente e calquera outro documento que exixa a normativa vixente para a modificación puntual do catálogo do PXOM.

2. RECLAMACIÓN DO IBI AO TITULAR

Instar ao Goberno municipal a emitir no prazo máximo de 30 días un informe técnico-xurídico que:

- a. certifique a non exención do IBI para o inmovible, conforme á Lei 49/2002 e o art. 62 do TRLHL;
- b. proceda á liquidación e reclamación inmediata das cotas correspondentes aos últimos catro exercicios fiscais, advertindo ao titular das responsabilidades derivadas do non pagamento.

3. ORDE DE EXECUCIÓN E CONSERVACIÓN DO INMOBLE

Reconecer que o inmovible incumpre o deber de conservación establecido no art. 135 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e, en consecuencia:

- a. emitir unha orde de execución que obligue ao propietario a emprender as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato;
- b. fixar un prazo para a súa execución;



c. advertir que, en caso de incumprimento, o Concello poderá:

▷ impoñer multas coercitivas trimestrais (entre 1.000 e 10.000 €),

▷ ordenar a execución subsidiaria con repercusión dos custos ao propietario.

4. ACCIÓNS PARA ACADAR A TITULARIDADE DO INMOBLE

Iniciar as xestións necesarias para acadar a cesión do en gratuidade ou a compra do inmovible diante dos seus propietarios.

5. NOTIFICACIÓNS

Dar traslado deste acordo ao Arcebispado de Santiago, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia."

Primeira quenda de intervencións	
Grupo BNG	Presenta a moción Evaristo Deus Deus. Resalta o contexto socioeconómico que deu orixe aos inmoables así como a súa función no tempo, atesorando un valioso patrimonio físico e inmaterial identitario para o Concello de Mugardos. Pasando a continuación a dar lectura aos pronunciamentos do escrito de moción.
Grupo EU	Toma a palabra a Portavoz. Indica que consideran prioritario continuar cos trámites conducentes á cesión da casa do pintor Bello Piñeiro. Ante esta clase de peticións o Arzobispado procedeu á pronta inmatriculación dos inmoables e pensa que sexa o que aconteza agora,

Segunda quenda de intervencións	
Grupo PP	Toma a palabra o concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs. O seu grupo está de acordo co escrito máis queren emendar os seu pronunciamentos para que sexa ampliado o prazo de emisión de informe técnico-xurídico e se proceda a realizar por parte das actuais persoas propietarias as necesarias obras de conservación e seguridade antes de que a cesión sexa solicitada.
Alcalde	Lembra que xa se trasladou en Pleno o resultado das negociacións co Arcebispado, estando pendentes de valoración económica, implicando igualmente unha modificación do PXOM que debe ser global para todos aqueles inmoables que reúna as mesmas circunstancias e non de forma puntual, o que require de recursos. A elo se une o feito deque nestes momentos se está a tramitar a delegación das facultades de xestión, liquidación, recadación e inspección na Deputación que dispón de equipo xurídico para a adopción das medidas propostas de índole económico. Quere deixar constancia de que se trata dun problema que tampouco foron quen de solventar Gobiernos previos. Remata a súa intervención solicitando avance coa necesaria prudencia.
Grupo BNG	Remata o debate o poñente da moción. Asume que se trata dun problema de fai moitos anos pero por elo e tras esgotar a vía de diálogo, é importante tomar medidas. Solicita se realice un seguimento trimestral en Comisión Informativa. O grupo acepta a moción presentada de forma que se amplie o prazo dun mes ao exercicio 2026 e se



	requira da propiedade para que a cesión do inmovible se realice unha vez adoptadas medidas de seguridade.
--	---

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Iniciar, de inmediato, o procedemento técnico-administrativo para incorporar a antiga Escola de Franza (Institución Escolar Franza e O Seixo) ao Catálogo de Patrimonio do PXOM de Mugaros, como “Ben Patrimonial a Conservar”, incoando:

- Informe histórico-arquitectónico
- Proposta de delimitación
- Ficha de catálogo
- Tramitación urbanística correspondente e calquera outro documento que exixa a normativa vixente para a modificación puntual do catálogo do PXOM.

Segundo.- Instar ao Goberno municipal a que no ano 2026 se solicite e emita informe técnico-xurídico que:

- a. certifique a non exención do IBI para o inmovible, conforme á Lei 49/2002 e o art. 62 do TRLHL;
- b. proceda á liquidación e reclamación inmediata das cotas correspondentes aos últimos catro exercicios fiscais, advertindo ao titular das responsabilidades derivadas do non pagamento.

Terceiro.- . Recoñecer que o inmovible incumpre o deber de conservación establecido no art. 135 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia e, en consecuencia:

- a. emitir unha orde de execución que obligue ao propietario a emprender as actuacións necesarias para garantir a seguridade, salubridade e ornato;
- b. fixar un prazo para a súa execución;
- c. advertir que, en caso de incumprimento, o Concello poderá:
 - ▷ impoñer multas coercitivas trimestrais (entre 1.000 e 10.000 €),
 - ▷ ordenar a execución subsidiaria con repercusión dos custos ao propietario.

Cuarto.- Iniciar as xestións necesarias para acadar a cesión do en gratuidade ou a compra do inmovible diante dos seus propietarios unha se dé cumprimento á orde de execución.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ao Arcebispado de Santiago, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

12º.- BENESTAR SOCIAL.- EXPEDIENTE 2547/2025.- POS+ ADICIONAL 1/2026 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EJERCICIO 2026.- Expediente sometido a ratificación de inclusión na orde do día para os efectos establecidos



no art. 91 RD 2568/1986, de vinte e oito de novembro de mil novecentos oitenta e seis e correlativo ROM acadándose o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	Inclusión

Consta no expediente proposta de Alcaldía de vinte e dous de decembro, substituída por posterior de emenda de vinte e tres de decembro de dous mil vine e cinco:

“Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña sobre o POS+ ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, **PROPOÑO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025
Dato notificado que figura no seu expediente

33.357,70 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	460.296,00 €	320.970,96 €	139.325,04 €	23.895,50	115.429,54 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	9.462,20	0,00	9.462,20	9.462,20	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	469.758,20 €	320.970,96 €	148.787,24 €	33.357,70 €	115.429,54 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	23.895,50€
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	9.462,20 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	33.357,70 €

- 2.-Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.
- 3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



Primeira quenda de intervencións	
Grupo EU	
Grupo PSdG-PSOE	Abre o exame deste punto da orde do día o Portavoz adiantando a súa abstención por non ter pasado por previa comisión Informativa e coa información necesaria.

Segunda quenda de intervencións	
Grupo EU	Toma a palabra a Portavoz. Non coñece as actuacións aínda que está de acordo na dinamización e inversión no local de maiores.

Rematado o debate e sometida a moción a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña sobre o POS+ ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, **PROPOÑO:**

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025
Dato notificado que figura no seu expediente

33.357,70 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	460.296,00 €	320.970,96 €	139.325,04 €	23.895,50	115.429,54 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	9.462,20	0,00	9.462,20	9.462,20	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	469.758,20 €	320.970,96 €	148.787,24 €	33.357,70 €	115.429,54 €

IMPORTES SOLICITADOS



I. Importe solicitado para gastos correntes	23.895,50€
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	9.462,20 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	33.357,70 €

2.-Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

13º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES

Non se formulan.

Neste momento abandona a sesión a concelleira Patricia ruíz de Azcárate Casteleiro

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

14º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Dáse lectura á dilixencia estendida por Secretaría con data vinte e dous de decembro de dous mil vinte e cinco:

“MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES. Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

INICIO ACTUACIÓN EXPROPIACIÓN FORZOSA CON DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN “AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)” POS +2024. EXPEDIENTE 869/2021.- Realizado acto complementario de encintado e estaquillado da superficie obxecto de expropiación con data 25 de novembro de 2025 e asinado informe xurídico por secretaría con data 2 de decembro de 2025 segundo Anexo VI, con data 12 de decembro de 2025 (número rexistro de entrada 2025-E-RC-5285), comunícase pola Deputación da Coruña Resolución pola que se levanta a condición e se aproba definitivamente o investimento incluído no POS+2024 (código 2024.2000.0189.0).

EXPEDIENTE XESTIONA NÚM. 197/2023.- ACORDO DE AGRUPACIÓN DAS ENTIDADES CO FIN DE CONCORRER, DE FORMA CONXUNTA Á TERCEIRA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS (2024), EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO DA AUGA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- NEXT GENERATION EU. Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado do mesmo ao Concello de Ares,



xunto coa documentación precisa para poder participar na citada convocatoria, formalizouse ante notario, xunto cos concellos de Ares e Fene, acta de manifestacións na que se manifesta a vontade de continuar no citado procedemento se unha vez resolto o mesmo, a agrupación formada recibe cando menos o 100% do importe solicitado, asumindo o compromiso de a tal efecto remitir ao órgano competente de cada Corporación o correspondente acordo para adoptar a decisión que corresponda, e presentouse a solicitude de participación na citada convocatoria.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Traslado pola Deputación da Coruña da Resolución de Presidencia de 1 de xullo de 2025 pola que se levantan as condicións do investimento “Renovación dos pavimentos da beirarrúa na rúa Os Corzás”, número rexistro de entrada 2025-E-RC-3152. Téndose recibido Resolución da Presidencia da Deputación provincial da Coruña de 26 de setembro de 2025 pola que se comunica que se considerou aprobada a primeira fase do POS+ Adicional 2/2025 e na que se indica que o citado investimento está aprobado no POS+ Adicional 2/2025 (1ª fase) e que polo tanto poderase iniciar a súa adxudicación e posterior execución.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE SAÚDE E BENESTAR (EXPEDIENTE 612/2025).- Elevado á consideración do Pleno en sesión ordinaria realizada con data 29 de outubro de 2025, con data 20 de novembro de 2025, con data 25 de novembro de 2025 publicouse no BOP nº 226 o inicio do trámite de información pública, e con data 2 de decembro de 2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no portal de transparencia e na páxina web do concello, apartado “Participación cidadá na elaboración normativa”, e con data 22 de decembro de 2025 no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2025. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2025-0743, SOBRE APROBACIÓN PROXECTO CORRIXIDO ACONDICIONAMENTO CLUB DO MAR.- Achegouse certificación ao expediente, estando pendente de dar cumprimento a requirimento da Deputación provincial sobre dispoñibilidade dos terreos.

EXPEDIENTE 1007/2024.- MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO CENTRO CÍVICO MUNICIPAL (FASE DE APROBACIÓN INICIAL NO SEU CASO E INFORMACIÓN PÚBLICA). Realizado o trámite marcado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, con data 25 de novembro de 2025 publicouse o seu texto no BOP nº 226, entrando en vigor ao día seguinte estando a disposición pública no portal de transparencia.

EXPEDIENTE 1816/2024. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 2ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2025. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Deputación Provincial de A Coruña. Con data 29 de outubro de 2025, número rexistro de entrada 2025-E-RC-4663, recíbese informe desfavorable de supervisión de proxectos da Deputación provincial, practicándose requirimento ao equipo redactor do proxecto (número rexistro de saída 2025-S-RE-3232, de 30 de outubro de 2025). Mediante Resolución de Alcaldía núm. 2025-1605, de 15 de decembro, prestouse aprobación ao proxecto emendado presentado con data 12 de decembro de 2025 (número rexistro de entrada 2025-E-RE-3157).



EXPEDIENTE 1698/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº5-I REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA. Realizado o trámite marcado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, con data 25 de novembro de 2025 publicouse o seu texto no BOP nº 226, entrando en vigor, o día seguinte quendado a disposición pública no portal de transparencia.

EXPEDIENTE 1224/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. Realizado o trámite marcado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, con data 25 de novembro de 2025 publicouse o seu texto no BOP nº 226, entrando en vigor, o día seguinte quendado a disposición pública no portal de transparencia.

EXPEDIENTE 1225/2025. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DE TRIBUTOS.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 3-I REGULADORA DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. Realizado o trámite marcado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, con data 25 de novembro de 2025 publicouse o seu texto no BOP nº 226, entrando en vigor, o día seguinte quendado a disposición pública no portal de transparencia.

EXPEDIENTE 1769/2023.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DAS FACULTADES DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIAS.- Rematado o prazo de presentación de alegacións sen que se presentase observación ou reclamación algunha, elevado o acordo provisional a definitivo con data 9 de decembro de 2025, no BOP nº 236 de 10 de decembro de 2025 publicouse anuncio comprensivo do acordo definitivo de delegación na Deputación provincial da Coruña das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tributarias, remitíndose certificación de cumprimento de trámites á Deputación provincial con data 10 de decembro de 2025 (núm. Rexistro de saída 2025-S-RC-1575)

EXPEDIENTE 1816/2024. APROBACIÓN DO POS+ ADICIONAL 4/2025 1ª FASE GASTO CORRENTE.- Achegouse certificación do acordo ao expediente, remitíndose á Deputación con data 24 de novembro de 2025 (número rexistro saída 2025-S-RC-4996).

EXPEDIENTE 1982/2025. CONVENIOS (APROBACIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN).- PROPOSTA DE “CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD (DIRECCIÓN GENERAL DE LA GUARDIA CIVIL) Y EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS (A CORUÑA) EN MATERIA DE SEGURIDAD”.- Achegouse certificación do acordo ao expediente e se deu traslado ao posto da Garda Civil en Mugardos do exemplar asinado.

FACENDA.- EXPEDIENTE 2238/2025. MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MBEO 01/2025. 2ª PROPOSTA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio comprensivo da apertura do prazo de presentación de alegacións no BOP n.º 233 de 4 de decembro de 2025.

RÉXIME INTERIOR.- EXPEDIENTE GESTIONA 1994/2025. RECTIFICACIÓN 20ª DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS E REFUNDIDO DAS RECTIFICACIÓNS 1ª A 20ª, AMBAS INCLUSIVE, E RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO



PATRIMONIO MUNICIPAL APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 30.09.1994 .-Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitíndose comunicación á Subdelegación do Goberno na Coruña (núm. rexistro saída 2025-S-RC-1538) e á Dirección Xeral de Administración Local (número rexistro saída 2025-S—RC-1539). Con data 11 de decembro de 2025 recíbese comunicación da Dirección Xeral de Administración Local (número rexistro entrada 2025-E-RC-5268), acusando recepción e dáse por informada da tramitación do devandito expediente.”

15º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O ENTRE O ENTRE O 2025-1455 AO 2025-1650.

A Portavoz do grupo EU solicita unha aclaración sobre as actuacións que vai a realizar a empresa contratista no ano 2026 unha vez sexa efectiva a delegación na Deputación.

Toma a palabra a Interventora para indicar que a empresa procederá ao cobro dos intereses do ano 2025 en priodo voluntario de pago, tras o que Deputación asumirá a súa recadación executiva.

A Portavoz do grupo EU solicita que se eleven a Comisión Informativa o estado dos procesos selectivos.

ROGOS E PREGUNTAS.

Preguntas	
	Non se formulan

Rogos	
Portavoz PSdG-PSOE	Roga se eleven a Comisión Informativa: - O proceso de delegación na Deputación. - Emenda das deficiencias GES. - Convenios Fene EDAR. -Convenio con REGANOSA para coñecer o importe do que queda por compensar.
Portavoz BNG	O concelleiro Javier Cartelle Cudilleiro roga se realice o mantemento do paseo do porto e a reparación do mobiliario urbano máis alá emprazado, roto pola empresa que limpou o monte. A Portavoz do grupo solicita información sobre o plan de traballo coa empresa contratista con motivo da delegación efectuada na Deputación, e se realice a campaña de información acordada.



Concelleiro delegado de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs	Toma nota dos rogos formulados máis indica que os danos en Pinabeta están en mans do seguro e tamén de Costas que solicitou a reparación á empresa.

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión ás nove e corenta e catro minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en video cuxa pegada dixital é 7bcd9721deaf50677a5d34d6dae76cc51e4e301226b197444e622b29db5f394b823f93f486e6e6ebb78e8261f894c7db5bfb b2bfa273773ffcf2587829a7e473

E en audio 091aa65dd271aeb3da878238ff6de74d54b91f1033cba9da477f4ace5002242ccd91d1c1b1c3d953678d86cfdaa868f3cf1f168080f9589b3f3cf0eaf0fbbb5a

Segundo certificación con CSV 5SWLWD3D9YP4JSXMQPW7M7N33

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

